

Documento distribuído por



Parados

María Xosé Queizán

Texto do espectáculo

Galicia sl

Data de publicación: 27-04-2011



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Índice

| | |
|------------------------------------|----|
| Sobre Galicia S.L | |
| Eduardo Alonso | 2 |
| Parados | |
| María Xosé Queizán | 4 |
| Ficha Técnica de Galicia S.L. | 16 |

SOBRE GALICIA S.L.

Eduardo Alonso

En 1988 aínda tiñamos folgos para buscar novas formas de creación e de produción teatral. E así, conscientes de que queríamos facer un espectáculo sobre o noso país e a súa realidade máis inmediata, xuntámonos dúas compañías de teatro, Teatro do Malbarate, formada polas actrices, Rosa Álvarez, Mabel Rivera e Marisa Soto, e Teatro do Noroeste, formado naquel momento por Ernesto Chao, Luma Gómez e Eduardo Alonso, para producir un espectáculo que reflexionara, en clave de comedia, sobre a nosa realidade. Tamén queríamos contar naquel proxecto coa creatividade de autores, xornalistas ou creadores que, implicados na realidade, tiveran unha visión crítica similar á nosa. Comezamos creando un fío condutor que permitira ensarillar nel as diferentes escenas que abordarían os temas que queríamos expoñer. Incorporamos tres actores máis: Antonio Durán “Morris”, Diego Varela e Tuto Vázquez, encargamos a escenografía a Antonio Simón, o vestuario a Suso Montero e a música a Emilio Cao. As escenas, cada unha co seu tema concreto, encargámosllas a autores como Manuel Rivas, Antón de Santiago, María Xosé Queizán, Manuel Guede, Chichi Campos, Antonio F. Simón e Lino Braxe. A min, como director do espectáculo, correspondeume a difícil misión de que todo encaixara nun único espectáculo: “Galicia, S.L.”

Diciamos no programa de man: “Galicia, S.L. é unha empresa moderna. Realmente a situación non está para posturas triunfalistas máis os homes e mulleres que crearon e forman a empresa non se deixan amilantar por adversas circunstancias, están dispostos a facerse un sitio e conquistar novos mercados. ¿Con que potencial conta esta nova empresa? Primeiramente co seu persoal, homes e mulleres escollidos de entre os mellores e de diferentes estratos sociais a fin de abranguer todas as posibilidades: a ama de casa liberada, o actor con garra, o parado de profesión, a punky recocida, a secretaria eficiente, a velliña do campo, o executivo emprendedor e o currante infatigable. Estes son os seleccionados para levar a bo termo tan alta empresa. Seguro que o conseguirán. O segundo potencial desta empresa son os que traballan na sombra; os ideantes, eses

seis homes e unha muller que aportan ideas, diálogos e dificultades. Todo fermosamente empaquetado e sonorizado, organizándose a produción baixo unha moderna e participativa dirección. ¿Existe no mercado un produto cun perfil tan claro de futuro? Evidentemente, non”.

“Galicia, S.L.” foi unha das primeiras montaxes en incorporar en escena o audiovisual, e estreouse o 25 de novembro de 1.988 no Polideportivo de Pontecesures, recordo o frío brutal que pasabamos nos ensaios xerais. Alí escoitei por primeira vez dicir a actrices como Luma Gómez, renegando: “¿porqué me dedicarei a isto?” Aínda llo escoito algunha vez.

Evidentemente, xa non se poden abordar proxectos como este.

Eduardo Alonso

PARADOS

PERSONAXES

CHELO

MONCHO

SECRETARIA

CONSELLEIRO

ESCENA 1ª

Escenario: Bar

Sentada ante unha mesa, Chelo bebe unha caña. Na máquina tragaperras está a xogar Moncho. Perde. Malhumorado, dálle un golpe á máquina. Recolle a bolsa plástica onde leva os paquetes de Winston e os clines. Bota unha ollada á concurrencia do bar para ver a quen lle endilga un paquete. Ve a Chelo e achégase.

Moncho.- (Saca os paquetes e móstraos) Winston, ¿quer?

Chelo.- Non, non. (Fai coa man un leve movemento de "vai de aí" sen miralo)

Moncho.- (Recoñecéndoa) Pero, mira quen ven sendo! Que pasa, tia! Non te enteras!

Chelo.- (Erguese e bícao) Vaia!, o Monchiño. E ti? Como andas?

Moncho.- Bah, xa ves, me busco la vida..., como se pode...

Chelo.- Xa vexo. E os teus pais? Onde vai que non sei de vós...

Moncho.- El viejo..palmou, xa hai anos. A silicose.., toda a vida na fábrica, trajando esa merda..Buah! Mi vieja..tirando.. chocheas ás veces, pero está dura..

Chelo.- Ti non entraras na fábrica onda teu pai?

Moncho.- Quen, eu? Para nada! (Fai un corte co dedo) A min non me collen nesas. Me rio de janeiro!

Chelo.- Sorte que tes poder rir..

Moncho.- E ti, que?, montada na pela, eh!

Chelo.- Si, ho! A bon lado vas! Andoche ben amolada. Levo no paro case dous anos e non dou encontrado choio. Estou desesperada.. Xa non sei que vou facer...

Moncho.- Pois si que..., estachè boa... tanto ~~traballaba~~ ~~traballaba~~ toda a vida para estar nas mesmas ca min. Eu, polo menos, safeime, pero ti! Eras unha cría, lémbrome ben, e xa andabas a currar.

Chelo.- Empecei aos doce anos, na clínica daquel doctor Silva, para abrir a porta, coller as chamadas e iso. Moito dicirlle á miña nai, déixeme á nena, que lle miro eu por ela... E tanto que miraba! Se me descuido desgráciame!, o moi asqueroso, que deus o teña alá..

Moncho.- (Pícaro) Sei ca che quería tomar a temperatura.. Mira pra # o jicho!

Chelo.- O que! Se fose ese o único.. Logo fora choiar en Plásticos Galicia, na sección de xoguetes, pegando as pernas e os brazos das bonecas..., e o encargado andábame á chepa, agardábame á saída e traíame unha boneca de regalo...

Moncho.- (Asentindo coa cabeza. Valorando a astucia do home) Mira que fino! Un tio espabilao!

Chelo.- O peor fora o de Casa Mar. Alí. en cordelerías, non sabes?, con aquelas máquinas, que ruído, mi madriña!, un inferno, non aturaba aquilo, desmaiábame e todo... Un día que tiven un vaído despertei no despacho do xefe, co tipo xa enriba de min, esmagándome as tetas coas mans .. O moi porco, logo disculpouse dicindo que tivera que abrimme a blusa para que respirara...

Moncho.- (Seguiu o relato como facéndoselle a boca agua) E facerche a respiración boca a boca... Jo! sabes que non é mal sistema? Espabilao!.. A verdade é que estar, estabas como diós! Non me extraña que quedaran pallá...

Chelo.- Que va! Iso pensas ti, pero dalles o mesmo.. Lembra aquela que traballaba nas conservas?, a filla da petaporta? Feiña

con ganas, e mal feita, un cangallo a pobre, que daba medo mirala, que deus me perdoe..Pois, igualiño, fixéranlle unha barriga e todo. Éche así. Eu, con todos a mesma leria. Éste Don Xosé, o meu xefe, o último, era el e mailo fillo, sempre ás andadas...,xa collín correa.., tiven que aturalos vinte anos, que se di moi pronto, vinte anos traballando no comercio, sacándolle as castañas do lume, aturando á clientela.., e logo, ala!, aí te quedas!

Moncho.- Xa che pagarían unha pasta na liquidación...

Chelo.- O que! Unha miseria. De risa! Toda a vida traballando para verme así, na rúa, sen unha peseta...

Moncho.- Pero, co que vales, coa tua disposición..

Chelo.- Está mal dicilo, pero ter, teño tacto para tratar á clientela. Como é debido e non como as dependentas de agora que nin caso che fan, tiran as cousas enriba do mostrador con desgana, mirando para outro lado, falando con outra compañeira: "si, deica as 4, no Guau, estaba Manolo, o que ten o Golf, si", non temos máis que isto..Nen caso. E se o queres o tomas senón o deixás. E levan. O que sexa. A xente, agora, ademáis de consumista é másoca.

Moncho.- Aínda ha quedar xente que se enrolle. Foches a eses grandes almacenes que seica van abrir? Preséntate. Coa tua experiencia..

Chelo.- Experiencia, dis? Non sabes ben o que tal teño recorrido. A experiencia impórtalles un bleo. Cando preguntan a idade e lles solto 42 anos, xa non queren saber nada. Collen aos bollos. & Son novas, guapiñas, e quedan moi ben no establecemento.

Moncho.- Pero, eses bollos, digo eu, non se enteran de que vai o rolo..

Chelo.- E a imaxen? E o atractivo? Iso é o que vale hoxe en día.

As carrozas coma min, para o lixo!

Moncho.- Ho!, tía, se todas as carrozas están coma ti! Demasiao!
 Quen che bota os anos que tes? Estás de puta madre. Mellor que nunca. Andábanos todos os tíos do bairro colgados por ti...Pero eras unha orgullosa! (Vendo que Chelo non lle fai moito caso) E paresme que segues na mesma...

Chelo.- (Ri, fachendosa. Ergue a cabeza) É o que me queda. Non me verán arrastrándome como un reptil, aí, iso non!, non lle vou lamber o cu nin ao máis pintado, aínda que me maten a fame..

Moncho.- (Dándolle polo pau) Iso é. Demasiao! Xenio e figura até a sepultura! Sabes que che digo? Por iso non che dan choio, tía, porque non tragas.

Chelo.- O malo é que lles sobra quen. Para un oso hai cincuenta cans.

Moncho.- Non te agobies, tía. (Achegándose a ela e plan confidencial)
 |Mira por onde, teño aí un asunto entre mans...Se sai ben.. tes curre seguro.

Chelo.- Si?, a ver, conta...

Moncho.- Sabes o meu irmán, o que marchara para a Suíza?

Chelo.- Non me digas que pode buscar choio alá?

Moncho.- Pasa diso! O da emigración xa non resulta. Pasan de nós.
 Ajora levan aos negros...

Chelo.- E logo?

Moncho.- Vense el e maila familia. Trae unhas pelias e quer montar unha historia aquí xunto cun colega que saíra da Citroen.. Unha historia de informática, fabricar pezas de ordenadores... unha historia así, ¡alta tecnoloxía! Pero achanta, tía, que o levamos en secreto, que lojo se enteran e imitan todo..

Chelo.- Descuida. Menos mal, ho, que alguón ten unha idea, porque estes reconvertidos métese todos a taberneiros, é o único que lles ocorre, montar un bar. Neste país, industria non haberá, pero o que é bares e cafeterías, mogollón!

Moncho.- (Fachendoso) Pois nós, industria.. E como o asunto vaia arriba, coleguilla, xa sabes, secretaria...para todo!

Chelo.- (Medio molesta) Xa estamos! Que sino o meu!

Moncho.- (Dándolle toques no xocnello) Era unha ^{caña} brinca, muller... (Volve ao tema) Necesitamos axuda da Xunta, claro, pero, según din, andan moi interesados na industrialización, no progreso, nesa historia.. (Animado) E aquí entro eu! O meu irmán encargoume a min as xestións. Vou falar co conselleiro que é da nosa aldea. Seica axudou a moitos paisanos, que é moi llano, un tío guai, levou para a Xunta a media parroquia, incluso o chofer particular del é colega...

Chelo.- E vaite receber?

Moncho.- (Dándose coa man no peito) A min? Coleguilla, tia. Os meus e os seus, porta con porta ,alá no pobo. Seguro que se enrolla

Chelo.- Pois sorte. Xa me contarás.

viejos

ESCENA 2ª

Escenario: Despacho do conselleiro. Na antesala, nunha mesiña, está unha Secretaria.

Entra Moncho, vestido de executivo con carteira e todo. O traxe quédalle pequeno (ou grande). Nótase que non é seu. A carteira vai un pouco vella. Intenta imitar os xestos dun executivo, dándose importancia. Diríxese á Secretaria.

Moncho.- Buenas. O señor conselleiro?

Secretaria.- (En castellano con moito acento galego) Pues no se si le estará. Quien lo quiere ver?

Moncho.- Psa de historias..quero dicir...Está especándome.

Secretaria.- (Descolga o teléfono) Sr ^{Cançante} ~~Ruano~~, le está qui un..(con retintín) señor que dice que usted lo espera...si...(Pregúntalle a Moncho) Como se llama?

Moncho.- Moncho, digo Ramón Per(intenta detela coa man pero ela xa contestou)

Secretaria.-Moncho..Si señor, ahora mismito. (Señálalle a porta) Que pase.

Conselleiro.- (Erguese e vai saudar a Moncho. Xovial) Ah! Es ti, Monchiño!, pasa, pasa, ho! Senta. Estás na túa casa. (El mesmo tira a chaqueta.) Permites? Vai calor hoxe. Pola casa ben, non? Dime, ¿que che trae por aquí?

Moncho.- (Trae o rolo aprendido pero o esquece.) Pois verás, necesitamos a colaboración econó..bueno, que a ver se vos enrollades, a Xunta ou esa historia, o sea con pelas..O tema é unha fábrica..o meu irmán Pepe, ¿non sabes? o que está na Suiza.. O tema é moi interesante (Colle a carteira) Aquí traio todo

(Non lle abre a cremalleira) A historia é de informática. Demasiao! Alta tecnoloxía! (Segue intentando abrir a carteira)
Soa o teléfono.

Secretaria.- Sr. Corruptela, le llama por teléfono el Sr. Sobornandez. ¿Le digo que está reunido?

Conselleiro.- No. Pásamelo. ¿Que tal, Juan? Dime, dime..¿La hija de quien? ¿Para entrar en Televisión? ¿Que está como dios la chavala? ¿Y no habla gallego? Eso va a ser un pequeño inconveniente..Que el padre maneja los votos de toda la bisbarra, dices? Bueno, a ver lo que se puede hacer. Descuida.

(Colga e dalle ao botón para falar coa Secretaria)

Rosita, mire, ¿no era hoy la reunión con Dn. Anuncio Telegaita? Si. A las doce? (Mira o reloxo) No, no, vuelva a llamar y diga que rompí con todos los compromisos para poder asistir, que voy enseguida.

Moncho.- (Por fin conseguiu abrir a carteira e saca os papeis) Aquí está. E un mogollón, un tema guai..!

Conselleiro.- Mira, vou ter que deixarte, teño que resolver un asunto importante, buf!, este éche un traballo agotador, non hai tempo para nada. (Mira por riba os papeis que lle dá Moncho) Déixame isto aquí. Vereino con calma. (Colle a súa carteira e mete a folla cos datos que lle deu Sobornandez por teléfono) pero, mira, iso da fábrica, non sei que che diga.., o que domina agora son os servicios, si, o sector terciario aumenta de día en día, e, como sabes (enfático) é un índice clarísimo de desenvolvemento, de progreso. Nos países europeos máis adiantados, os servicios van á cabeza da economía. Aquí imos a toda marcha. Estamos sacando á xente do campo e, pumba!, directamente a servicios. (Érguese, colle a chaqueta) Mira, ¿por que non fas unhas oposicións? Aí si que che poderías

axudar.(Palmada nas costas) Xa sabes, un boa empuxonciño non che ha faltar.(Vai collendo a carteira) Estate ao tanto do boletín..(Coloca ben a gravata) Prepárate home. Colles a praza e a vivir. ¿Para que vos ides meter en lios con iso da industria? Non trae máis que quebradoiros de cabeza.., os obreiros ándanche moi levantiscos ultimamente. Nada, neno! Isto entre ti e máis eu, eh? Dóixate de coñas, e oposita.
(Sae)

Moncho.- (Fala só) Corta el rollo, tío! Oposicións eu? Para nada! A min non me comes o coco..Está pallá, este tío..¿Eu? Me río de janeiro...

ESCENA 3a

Moncho fala por teléfono con Chelo

Moncho.- Chelo? Pasa tía! Colgada do teléfono todo o día! Corta el rollo, tía!

Chelo.- Necesitamos señoras buena presencia para venta de perfumes. Importante empresa en expansión necesita personal responsable, nivel cultural alto, buena presencia y con facilidade para las relaciones públicas. Importante empresa necesita señoritas buena presencia....Camareras para importante restaurant..

Moncho.- (Cantando) Tu eres la camarera de mi amor, cha cha cha!

Chelo.- Que?

Moncho.- Que xa teño a solución para o tema ..

Chelo.- ¿O da fábrica? Resultou? Sabes o que estiven pensando? Podo ser a public relations no extranxeiro. Porque hai que exportar, exportar, exportar, dixeron na Tele.

Moncho.- Pasa de historias! Nada de fábricas, nin de exportacións, nin de mogollóns.. Iso no mola. Tes que facer oposicións. Iso, sacas a oposición e pasas de todo.

Chelo.- Porme agora a estudar? Onde vai que non collo un libro! Daquela, saía de traballar e aínda tiña ganas de ir á academia a aprender mecanografía, ortografía e todo iso.. Pero agora, xa vou cansa. Ademais necesito cartos xa. Ando sen un peso.

Moncho.- Tu vieja non solta? Non cobra o suicidio?

Chelo.- O suicidio vouno facer eu se isto segue así..

Moncho.- La llevas clara, tía. Mira imos probar sorte no xogo. Xogamos, xogamos todas as pelás que teñamos, e xa verás, o especial! Teño unha corazonada. As nove no Benito, vale?

ESCENA 4ª

Escenario: Bar.

Moncho está diante da máquina tragaperras. Entra Chelo vestida de soirée, traxe longo, demodé, luvas longas, zapatos de tacón alto. colares, pulseiras..Conxunto rechamante e anacrónico.

Moncho.- Estás puesta! Pero tía, ¿onde vas?

Chelo.- Pois a xogar. Iremos a Montecarlo, ¿non? ¿Que tal? ¿Como me ves? (Da voltas exhibíndose.) ¿Estou ben? Teño pinta de millonaria? (Tira dun bolsiño de man dourado unha longa boquilla e acende un cigarrillo. Senta nunha silla e estira as pernas, como se fose un diván) Fumar es un placer, sensual.. (canta) Desta ligo polo menos cun marqués, millonario, millonario, millonario!

Moncho.- Jo. tía, la llevas clara, estás pallá!

Ficha Técnica de Galicia S.L.



TÍTULO: GALICIA, S L

AUTOR: Manuel Rivas, Antón de Santiago, M^a Xosé Queizán, Manuel Guede, Xesús Campos, A. Simón e Lino Braxe

ESTREA: 1988

Estreada no Pabillón Municipal de Pontecesures (Pontevedra), o 25 de novembro de 1988

REPARTO: Rosa Álvarez (01.- Actriz) · Antonio Durán Morris (02.- Actor) · Mabel Rivera (03.- Actriz) · Diego Varela (04.- Actor) · Ernesto Chao (05.- Actor) · Luma Gómez (06.- Actriz) · Marisa Soto (07.- Actriz) · Tuto Vázquez (08.- Actor) · Antonio F Simón (09.- Escenografía, indumentaria, deseño gráfico) · Emilio Cao (10.- Música) · Cristina Pardo (11.- Máscaras) · Guillermo Rodríguez (12.- Máscaras) · Rosa Míguez (13.- Axudante de dirección) · Eduardo Alonso (14.- Iluminación, dirección)

RESUMO: Coproducción teatral de Teatro do Malbarate e Teatro do Noroeste. Galicia S.L. é unha empresa moderna, unha empresa de futuro. Realmente a situación non está para posturas triunfalistas, mais os homes e mulleres que crearon e forman a empresa non se deixan amilantar polas adversas circunstancias, están dispostos a facerse un sitio e conquistar novos mercados. ¿Con que potencial conta esta nova empresa? Primeiramente co seu persoal, homes e mulleres escollidos de entre os mellores e de diferentes extractos sociais a fin de abranguer toda as posibilidades: a ama de casa liberada, o actor con garra, o parado de profesión, a punky recocida, a secretaria eficiente, a velliña do campo, o executivo emprendedor e o currante infatigable. Estes son os seleccionados para levar a bó termo tan alta empresa. Seguro que o conseguirán. O segundo grande potencial desta empresa son os que traballan na sombra: os ideantes, eses seis homes e unha muller (o 14,3%) que aportaron ideas, diálogos e dificultades. Todo fermosamente empacutado e sonorizado, organizándose a produción baixo unha moderna e participativa dirección ¿Existe no mercado un produto cun perfil tan claro de futuro? Evidentemente non. Anímese, pois, todo o mundo a ter relacións comerciais, ou de calquera outro tipo, con Galicia S.L., non se sentirá defraudado. Os sistemas de pago son cómodas, sinxelos e, por suposto, ao alcance de calquera economía. Se vostede precisa un proxecto de interese, Galicia S.L. teno. Se vostede precisa un caldo de cultivo, Galicia S.L. teno. Se vostede precisa un punto de referencia, Galicia, S.L. teno. Se vostede precisa unha cor de rosa, Galicia S.L. tena. Se vostede precisa un horizonte nidio, Galicia S.L. teno. Se vostede precisa unha base sólida, Galicia S.L. tena. Se vostede precisa un futuro inmediato, Galicia S.L. teno. Todo o que vostede precise, Galicia S.L. teno en diferentes tallas e cores. Por todo isto, dicímoslle con claridade: pense, critique e se non ten nada mellor que facer, participe. É unha mensaxe de todos os homes e mulleres que traballamos nunha empresa de futuro: GALICIA S.L.